



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES, DA XUNTA DE GALICIA, E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL CONDADO PARADANTA PARA A EXECUCIÓN DUNHA INSTALACIÓN PERMANENTE DE TRAIL RUNNING CENTER ACREDITADA POLA REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO

Santiago de Compostela, 2024

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don Juan Pablo Castillo Amigo, en nome e representación da Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta, con CIF G-36591089 e domicilio na rúa Silleda s/n, A Cañiza, nomeado por acordo da xunta directiva do 26.07.2022 e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 18 dos seus estatutos.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

II.- O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes(actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), continúa vixente en virtude da disposición transitoria do Decreto 42/2024 de 14 de abril, -polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes.

III.- O Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta é unha asociación sen ánimo de lucro que se constitúe en A Cañiza o 30 de xullo de 2008 coa finalidade de vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos da comarca Condado Paradanta e constituírse nun foro de debate continuo sobre os problemas do territorio, prestando especial atención á mocidade, ás mulleres, á protección do ambiente, á creación de emprego e ás actividades agrogandeiras e forestais. Ten como fins, entre outros, promover actuacións e proxectos para o desenvolvemento do territorio, podendo ser estes proxectos de natureza produtiva, orientados á xeración de emprego e riqueza, ou non produtiva, que perseguen a dotación de servizos e equipamentos. Por tanto, constitúese como un ente dinamizador no medio rural e clave no referente ás políticas de fixación da poboación e incluso na loita contra a desocupación do agro e o seu abandono.



IV.- O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

V.- Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

VI.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste mesmo sentido, conforme o artigo 4 da lei 3/2012, do 2 de abril, é de interese da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia do deporte de Galicia a promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva

VII.- O GDR Condado Padaranta é o promotor do proxecto "Trail Running Center Condado Padaranta" como unha iniciativa para dotar aos municipios dos concellos de Ponteareas, Salceda de Caselas e Mondariz, na provincia de Pontevedra dunha red de rutas interconectadas e acreditadas de Trail Running, disciplina deportiva do atletismo, cuxo recorrido estará vinculada aos espazos naturais desta comarca.

Os Trail Running Centres (TRC) constitúen o único modelo de instalación de itinerarios permanentes de Trail Running acreditados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA) que nace como o modelo español para desenvolver a práctica desta modalidade deportiva na natureza e que garanta, na medida do posible a seguridade nas rutas.

Así, no proxecto do GDR Condado Padaranta propóñense varios recorridos na natureza, en concreto tres itinerarios para a práctica do Trail Running cunha serie de dotacións neste recorrido para obter a correspondente acreditación, entre elas unha rede con sinalización específica, un centro de recepción de visitantes ou uns puntos de información.

Este proxecto de sinalización e implantación do TRC consiste en crear instalacións permanentes para a práctica do Trail Running, como xa existen noutros países e que axude a dar un impulso a esta práctica atlética e conta cun orzamento de 30.000,00€

VIII.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes participa neste proxecto co obxectivo da promoción do deporte na sociedade sendo consciente da importancia da súa colaboración económica con entidades para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva. Destas circunstancias, derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, toda vez que o proxecto de libre acceso será capaz de atraer e xerar fluxos de deportistas por se mesmo, así como de visitantes que queiran desfrutar a pé da natureza e das paisaxes do territorio, contribuíndo así a crear unhas condicións favorables para que a poboación goce dunha vida máis activa.

IX.- O artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que "cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable".





Por todo o exposto, considerase de gran interese a colaboración das partes asinantes e tendo en conta que a Asociación GDR Condado Padaranta constitúe o único ente oficialmente recoñecido que serve de canle para vertebrar actuacións que afectan a esta comarca e que conta co coñecemento necesario sobre as estruturas e necesidades deste territorio, considérase que non é posible promover a concorrência pública resultando de aplicación o artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o GDR Condado Padaranta deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o GDR Condado Padaranta para a realización das obras dunha instalación permanente de Trail Running Center no Condado de Paradanta.

SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de trinta e mil euros **(30.000,00 €)**, IVE incluído e que se traducen en concreto nas seguintes actuacións que serán desenvoltas polo GDR Condado Paradanta:

-Adhesión a rede estatal de instalacións permanentes de Trail Running: 2.500,00 €

-Estudio e proxecto TRC Estándar acreditado pola RFEA: 3.500,00 €

-Obras de sinalización do TRC Condado Paradanta (Pontevedra): 24.000 €

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, comprométese a contribuír ao financiamento do custo destas actuacións, achegando a cantidade de dezoito mil euros (18.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 35.02.441A.781.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para o exercicio 2024, o que representa o 60 % do proxecto subvencionable.

TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

3.1.- Obrigas do GDR Condado Padaranta

3.1.1.- Executar as actuacións do proxecto Trail Running Center Padaranta dando conta á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de calquera modificación do proxecto ou alteración de calquera outros elementos básicos que configuren as mesmas.

No caso de contratacións con terceiros, cando o custe do proxecto supere as contías establecidas no texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobada pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen



3.1.2.- De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o GDR ten a obriga de subministrar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia. No caso de que este requirimento non sexa atendido no prazo que se estableza, procederá unha multa de 200,00€ mensuais ata o cumprimento do mesmo.

3.1.3.- Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:

a) O GDR quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.

b) A obtención das licenzas, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos e a execución dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, serán por conta do GDR.

c) O GDR Condado Padaranta, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

d) Deberá destinar os bens sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención por período non inferior a cinco anos.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

e) No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

f) Así mesmo e de acordo co establecido nos artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 74 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o GDR deberá cumprir todos os compromisos establecidos no presente convenio, e en particular o disposto neste apartado 3.1 en canto á realización, pagamento e xustificación das obras previstas, de acordo co establecido no proxecto e orzamentos presentados.

g) En cumprimento do establecido no artigo 40.1.g) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o -GDR ten a obriga do reintegro total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

3.1.4.- Será responsabilidade do GDR a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.



Así mesmo, é responsabilidade do GDR a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario de acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

Co obxecto de facilitar a tramitación das distintas fases do convenio, o GDR Condado Padaranta autoriza expresamente á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á obtención dos certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social así como a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve.

3.1.5.- Colaborar e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

3.2.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula Segunda por importe de dezaoito mil euro (18.000,00€) con cargo a aplicación orzamentaria 35.02.441A.781.0 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para o exercicio 2024.

O aboamento da achega antedita realizarase na forma establecida na cláusula quinta.

CUARTA: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN

As achegas económicas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes verase diminuída en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas contratacións. As baixas aplicaranse ao remate das obras, coa xustificación do cumprimento da finalidade da subvención e o seu custo real, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Así mesmo a citada achega non experimentará incremento no caso de producirse incidencias ou aprobarse modificacións durante a execución do contrato asinado polo GDR coa empresa adxudicataria que supoñan aumento do seu custo.

QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

O GDR Condado Padaranta, finalizada a execución (en todo caso antes do 31 de decembro de 2024), presentará a xustificación ante a Secretaría Xeral para o Deporte como data límite o 30 de outubro de 2024 que consistirá nunha conta xustificativa que conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo dos investimentos realizado, que conterá:





a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

b) As facturas e/ou as correspondentes certificacións de obra e a documentación acreditativa do pago.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a),

d) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa responsable do GDR Condado Padaranta, no que se faga constar o conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións ao amparo deste convenio e o compromiso de comunicar enseguida cantas axudas solicite e/ou obteña, a partir da data desta declaración.

e) Certificado do tesoureiro do GDR onde conste que se anotaron en contabilidade os gastos correspondentes á execución da actuación subvencionada.

f) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio:

-Fotografías do lugar ou lugares onde se efectuaron as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade a súa realización.

-Fotografía dos carteis informativos, segundo os modelos dos anexos I e II nos que se poida apreciar a súa colocación no lugar ou lugares das actuacións.

A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da efectividade da inversión realizada.

O pago efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada pola asociación.

SEXTA: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o GDR Condado Padaranta, sempre que a suma de todas elas non supere o investimento total real.

Así, antes do pagamento, no momento da xustificación tal como se indica na cláusula anterior, o GDR Condado Padaranta achegará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

SÉTIMA: PUBLICIDADE DAS OBRAS

O GDR Condado Padaranta estará obrigado a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas neste convenio, que incluírán en todo caso:

- Durante a execución do proxecto, o GDR fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto do convenio, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento segundo modelo que se xunta como anexo I.



- Ao remate das obras, instalarase unha placa explicativa permanente, segundo o modelo do anexo II, colocada nun lugar visible no lugar ou lugares das actuacións, que deberá permanecer durante, cando menos, cinco anos.

O tratamento tipográfico identificador das entidades participantes e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

OITAVA: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o GDR consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consente na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

NOVENA: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, poderá efectuar cantas comprobacións estime oportunas, con carácter previo á realización da proposta do pago, incluíndo a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ou da persoa que designe.

A recepción das obras farase polo GDR Condado Padaranta, quen dará conta dela á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes mediante a achega da Acta consignada ao efecto.

DÉCIMA: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A xestión, mantemento e conservación das dotacións deportivas, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do GDR Condado Padaranta, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere.

A Asociación GDR Condado Padaranta comprométese a favorecer e facilitar, de forma gratuíta, a celebración de competicións deportivas de carácter oficial, organizadas ou promovidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte así como polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.





UNDÉCIMA: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2024.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da parte que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DUODÉCIMA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.

A solicitude de modificación do prazo fixado na cláusula quinta para presentar a xustificación do convenio por parte do GDR deberá realizarse cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do mesmo.

A solicitude para modificar as características do proxecto obxecto do convenio, deberá realizase mediante solicitude dirixida á Secretaría Xeral para o deporte cunha antelación suficiente ao fin dos prazos das actuacións correspondentes, e en todo caso para a modificación do proxecto deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa, na que se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado e que non suporá unha actuación deficiente e que se segue a cumprir con obxecto do convenio.
- Orzamento ou proxecto modificado
- Cadro comparativo cos cambios introducidos no proxecto.



2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control estudiaranse as modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas e informarase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula Segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

DÉCIMO CUARTA: PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

DÉCIMO QUINTA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio é de natureza administrativa, rexerase polas súas propias cláusulas, polas normas xerais do dereito administrativo e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asíñase este convenio de cooperación no lugar e data indicados.

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
Diego Calvo Pouso

O Presidente do GDR Condado
Padaranta

Juan Pablo Castillo Amigo





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO I

MODELO CARTEIS INFORMATIVOS MEDIDAS FORMATO ESTÁNDAR A1

OBRA FINANCIADA (OU COFINANCIADA, segundo corresponda) POR:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

LOGOTIPO DO CONCELLO

OBRA:(Nome da obra)

DIRECCIÓN FACULTATIVA: NOMES E APELIDOS

EMPRESA ADXUDICATARIA: NOME DA EMPRESA ADXUDICATARIA

ORZAMENTO:€

DATA DE INICIO: DD/MM/AAAA

PRAZO DE EXECUCIÓN: MESES

CONSELL
SECRETARÍA





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO II

MODELO DE CARTEL E PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE EN METRACRILATO (50 cm x 30 cm)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Espazo para inserir o escudo ou
logotipo do concello

ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO PROXECTO
SUBVENCIONADO

Orzamento:.....€

